

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SEIS DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZASETE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dña. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dña. Yolanda Vázquez Busto.

Dña. Silvia Fornos Permuy.

Dña. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

[Abandona a sesión sendo as 13h:18min, iniciada a lectura do texto da moción do punto 6 da Orde do Día.]

Dña. María Carmen Piñeiro Varela.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte.

[Abandona a sesión sendo as 13h:18min, iniciada a lectura do texto da moción do punto 6 da Orde do Día.]

D. Andrés Pérez Pérez.

Dña. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[Abandona a sesión sendo as 14h:06min, no punto 8 da Orde do Día.]

Secretaria:

D^a. Ana Ramos Ramos

Interventora

D^a. Lucía Varela Martínez

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e trece minutos do día vinte e seis de outubro de dous mil dezasete, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polas Secretaria e a Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- ORDINARIA DE 28.09.2017.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente 2017/G006/000192)

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA:

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28.09.2017.



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

- ordinaria de 28.09.2017.

Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 28.09.2017.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro."

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador da acta da sesión que se somete a aprobación.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García que considera que na acta, na páxina 29, non se recolle a proposta feita dende o seu grupo de dar o nome de Carlos Fornos, como persoa impulsora desta actividade, ao "Concurso de Froitas" das Festas das Peras, e que consideran que debe constar.

Concluída a intervención, sométese o borrador da acta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención** de D. Francisco Javier Crespo Romeo, por non ter asistido á sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente ás sesión:

- ordinaria de 28.09.2017.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE BENS.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 23 DE OUTUBRO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000017

Sesión nº: 19/2015-2019

"2.- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE BENS.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente: 2017/G006/000186)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN SOBRE BENS

Atendendo á facultade concedida ás administracións locais por medio do establecido no artigo 45 do Regulamento de bens das entidades locais, RD 1372/1986 así como na Lei de Patrimonio do Estado, esta Alcaldía propón exercer a investigación sobre determinados camiños dos que se presume a súa propiedade municipal, pero dos que non consta de forma expresa, a fin de determinar a titularidade dos mesmos.

Considérase necesario acreditar de forma fehaciente a titularidade pública municipal, de ser o caso, sobre varios camiños sobre os cales existen indicios, segundo datos obrantes no Concello de Ponte deume, de que se trata de camiños de titularidade pública municipal, co fin de acondicionar os mesmos permitindo dotar os mesmos de mellores condicións de tránsito para uso dos vecinos das zonas limítrofes, si ben coa seguridade xurídica que ofrece a instrucción dun expediente de investigación de bens que concluirá, de ser o caso, coa inclusión dos mesmos no inventario municipal no momento da súa aprobación definitiva, logo da instrucción do mesmo.

A listaxe de camiños obxecto do presente expediente son:

1.- Camiños sobre os que consta referencia catastral e acreditada a condición de desconto en canto á titularidade catastral dos mesmos, esto é reservadas a dominio público segundo datos suministrados pola Dirección Xeral de Catastro, e asimesmo constan no PXOM como camiños reflexados na planimetría do documento urbanístico en vigor en Ponte deume:

- 1.- Camiño Igrexa de San Cosme (ref. Catastral 15070A010090040000WW).
- 2.- Camiño en San Cosme (ref. Catastral 15070A010090020000WU).
- 3.- Camiño en A Fontenova (ref. Catastral 15070A018090050000WH).
- 4.- Camiño en O Silvar (ref. Catastral 15070A007090070000WY).
- 5.- Camiño da Minsión (ref. Catastral 15070A003090140000WT).
- 6.- Camiño de Porto Carral (ref. Catastral 15070A011090020000WX).
- 7.- Camiño en O Castro (ref. Catastral 15070A009090160000WZ).
- 8.- Camiño da Fraga. Subida a Breamo 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090090000WW).
- 9.- Camiño de Breamo. Subida 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090080000WH).
- 10.- Camiño Subida a Breamo 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090110000WH).
- 11.- Camiño da Cruz do Monte. Ventosa Ferrocarril (ref. Catastral 15070A002090040000WL).
- 12.- Camiño dos Mouchos en Valdemiñatos (ref. Catastral 15070A022090090000WZ).
- 13.- Camiño subida a Breamo 1º tramo (ref. Catastral 15070A005090020000WM).

2.- Camiños sobre os cales non consta identificación catastral nun primeiro análise sobre os mesmos e sobre os que non se pode considerar como indicio adicional a



titularidade catastral, pero sí constan no PXOM como camiños reflexados na planimetría do documento urbanístico en vigor en Pontedeume:

- Camiño en Pumariñas e Borredos.
- Camiño en Curio.
- Camiño en Os Chapizos.
- Camiño Rúa C de Chao de Ombre.
- Camiño en Chao de Ombre, A Rega.
- Camiño en Andrade.
- Camiño do Cotelo

Foron emitidos informes técnicos de datas 18, 19 e 20 de setembro de 2017 e 17 de outubro de 2017 especificando a clasificación do solo, estado do Inventario Municipal e situación de cada un dos camiños respecto ao PXOM.

Visto o informe xurídico emitido polo técnico de administración xeral de data 18/10/2017, sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir en relación co exercizo da potestade de investigación, ratificado pola Secretaría municipal na mesma data.

Considerando a Lexislación aplicable seguinte:

— Os artigos 44 a 55 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

— Os artigos 77 e 78 de Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

— Os artigos 4.1.d), 22.2 j) e 68 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Tendo en conta que o exercicio da acción investigadora poderá acordarse de oficio, pola propia Corporación segundo o establecido no artigo 46 do Regulamento de bens das entidades locais, RD 1372/1986.

Tendo en conta que no seo do presente procedemento haberá de cumprirse coas esixencias de publicidade activa en virtude do disposto no artigo 21.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na normativa vixente en materia de transparencia.

Tendo en conta que segundo se deixa constancia no expediente, tivo lugar xa o estudo previo sobre a procedencia do exercicio da acción investigadora, con carácter previo á incoación do procedemento.

Realizada a tramitación legalmente establecida e visto o Informe xurídico de procedemento, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa Permanente de asuntos xerais do Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade dos camiños incluídos na relación seguinte, que presuntamente pertencen á Corporación Local:

1.- Camiños sobre os que consta referencia catastral e acreditada a condición de desconto en canto á titularidade catastral dos mesmos, esto é reservadas a dominio público segundo datos suministrados pola Dirección Xeral de Catastro, e asimesmo constan no PXOM como camiños reflexados na planimetría do documento urbanístico en vigor en Pontedeume:

- 1.- Camiño Igrexa de San Cosme (ref. Catastral 15070A010090040000WW).

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 2.- Camiño en San Cosme (ref. Catastral 15070A010090020000WU).
- 3.- Camiño en A Fontenova (ref. Catastral 15070A018090050000WH).
- 4.- Camiño en O Silvar (ref. Catastral 15070A007090070000WY).
- 5.- Camiño da Minsión (ref. Catastral 15070A003090140000WT).
- 6.- Camiño de Porto Carral (ref. Catastral 15070A011090020000WX).
- 7.- Camiño en O Castro (ref. Catastral 15070A009090160000WZ).
- 8.- Camiño da Fraga. Subida a Breamo 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090090000WW).
- 9.- Camiño de Breamo. Subida 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090080000WH).
- 10.- Camiño Subida a Breamo 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090110000WH).
- 11.- Camiño da Cruz do Monte. Ventosa Ferrocarril (ref. Catastral 15070A002090040000WL).
- 12.- Camiño dos Mouchos en Valdemiñatos (ref. Catastral 15070A022090090000WZ).
- 13.- Camiño subida a Breamo 1º tramo (ref. Catastral 15070A005090020000WM).

2.- Camiños sobre os cales non consta identificación catastral nun primeiro análise sobre os mesmos e sobre os que non se pode considerar como indicio adicional a titularidade catastral, pero si constan no PXOM como camiños reflexados na planimetría do documento urbanístico en vigor en Ponte deume:

- Camiño en Pumariñas e Borredos.
- Camiño en Curio.
- Camiño en Os Chapizos.
- Camiño Rúa C de Chao de Ombre.
- Camiño en Chao de Ombre, A Rega.
- Camiño en Andrade.
- Camiño do Cotelo

SEGUNDO. Publicar o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello, na seguinte dirección <https://www.pontedeume.gal>

Así mesmo expoñer no taboleiro de anuncios do Concello de Ponte deume un exemplar do anuncio de publicación no BOP A Coruña, durante un prazo de quince días.

TERCEIRO. Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.



CUARTO. Abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao que remate a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación, no caso de que, a partir desta incoación do expediente, se personen no mesmo alegando a súa condición de interesado no procedemento, e poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións. Nese caso, o trámite de información pública por prazo dun mes comenará a contarse dende a notificación individual aos interesados que se persoen no expediente.

QUINTO. Finalizado o prazo para presentar alegacións aos posibles interesados, no caso de persoarse no procedemento, abrir un período de proba por prazo de 15 días hábiles no que serán admisibles os seguintes elementos:

— Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.

— O recoñecemento e ditame pericial.

— A declaración de testemuñas.

Terase en conta nesta fase do procedemento a aportación de documentación catastral, rexistral ou de colindantes en relación particularmente dos camiños incluídos no punto 2 do apartado primeiro do presente acordo, ao carecer neste momento de acreditación da titularidade catastral dos mesmos, que como rexistro público é proba iuris tantum da condición de terreos de dominio público dos mesmos, o que fai que sobre eles se faga necesario, en maior medida, obter datos fehacientes en fase probatoria que constanten a propiedade dos mesmos, con carácter previo á resolución do expediente.

SEXTO. Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, poñer de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación, se houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

SÉTIMO. No caso de que a instrucción do procedemento permita constatar a titularidade municipal dos camiños afectados, proceder á tasación dos mesmos, e elevar novamente a Pleno, previo infome do Secretario da corporación, para a súa aprobación definitiva e a súa inclusión no Inventario municipal, así como para ordear a adopción das medidas tendentes á efectiva posta a disposición dos mesmo ao Concello de Pontedeume, procedendo os servizos técnicos a sinalizar os mesmos e a elaborar as memorias técnicas necesarias con descripción gráfica dos mesmos para levar a cabo as tarefas de reparación e arranxo necesarios para que os camiños poidan ser destinados á finalidade para a que están previstos,

No obstante, a Corporación acordará o que estime pertinente.

Asinado dixitalmente na data indicada na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro "

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e **3 abstencións** do resto das señoras e señores concelleiros, do PP(2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte; e polo BNG-AA: Dna. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate, explicando o motivo do expediente. Indica que se trata de poñer solución á problemática que ven xurdindo na tramitación ordinaria dos distintos expedientes municipais, dos que se derivan incidencias pola titularidade dos bens e que, por tanto, compre iniciar este procedemento para poder declarar certos viais públicos e

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

incorporalos ao inventario municipal para así, en función dos recursos, poder proceder ao seu acondicionamento e reparación, coa súa posta en valor.

De seguido, toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do Grupo Municipal do PP quen introduce a súa intervención cualificando o Inventario Municipal coma imprescindible, ao tempo que recorda que este documento se ten redactado no mandato anterior, grazas a un enorme traballo e ao financiamento da Deputación provincial. Anuncia o voto a favor do seu grupo ao expediente, se ben indica que ao respecto da información, considera que non é suficiente a publicación do asunto no taboleiro de anuncios propoñendo seguir a liña de que se visite a zona para que a veciñanza esté ben enterada.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se publicitará.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, quen anuncia o voto a favor do seu grupo en aras de continuar na senda de avanzar.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das e dos membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Incoar expediente de investigación da titularidade dos camiños incluídos na relación seguinte, que presuntamente pertencen á Corporación Local:

1.- Camiños sobre os que consta referencia catastral e acreditada a condición de desconto en canto á titularidade catastral dos mesmos, esto é reservadas a dominio público segundo datos suministrados pola Dirección Xeral de Catastro, e asimesmo constan no PXOM como camiños reflexados na planimetría do documento urbanístico en vigor en Ponte deume:

- 1.- Camiño Igrexa de San Cosme (ref. Catastral 15070A010090040000WW).
- 2.- Camiño en San Cosme (ref. Catastral 15070A010090020000WU).
- 3.- Camiño en A Fontenova (ref. Catastral 15070A018090050000WH).
- 4.- Camiño en O Silvar (ref. Catastral 15070A007090070000WY).
- 5.- Camiño da Minsión (ref. Catastral 15070A003090140000WT).
- 6.- Camiño de Porto Carral (ref. Catastral 15070A011090020000WX).
- 7.- Camiño en O Castro (ref. Catastral 15070A009090160000WZ).
- 8.- Camiño da Fraga. Subida a Breamo 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090090000WW).
- 9.- Camiño de Breamo. Subida 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090080000WH).
- 10.- Camiño Subida a Breamo 2º tramo parcial (ref. Catastral 15070A004090110000WH).
- 11.- Camiño da Cruz do Monte. Ventosa Ferrocarril (ref. Catastral 15070A002090040000WL).
- 12.- Camiño dos Mouchos en Valdemiñatos (ref. Catastral 15070A022090090000WZ).
- 13.- Camiño subida a Breamo 1º tramo (ref. Catastral 15070A005090020000WM).



2.- Camiños sobre os cales non consta identificación catastral nun primeiro análise sobre os mesmos e sobre os que non se pode considerar como indicio adicional a titularidade catastral, pero si constan no PXOM como camiños reflexados na planimetría do documento urbanístico en vigor en Pontedeume:

- Camiño en Pumariñas e Borredos.
- Camiño en Curio.
- Camiño en Os Chapizos.
- Camiño Rúa C de Chao de Ombre.
- Camiño en Chao de Ombre, A Rega.
- Camiño en Andrade.
- Camiño do Cotelo

SEGUNDO. Publicar o acordo de iniciación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e ademais estará a disposición dos interesados na sede electrónica do Concello, na seguinte dirección <https://www.pontedeume.gal>

Así mesmo expoñer no taboleiro de anuncios do Concello de Pontedeume un exemplar do anuncio de publicación no BOP A Coruña, durante un prazo de quince días.

TERCEIRO. Dar traslado do acordo de iniciación á Administración Xeral do Estado e á da Comunidade Autónoma para que, no seu caso, poidan facer valer os seus dereitos e alegar o procedente.

CUARTO. Abrir trámite de información pública por prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao que remate a publicación dos anuncios no taboleiro da Corporación, para que as persoas afectadas polo expediente de investigación, no caso de que, a partir desta incoación do expediente, se personen no mesmo alegando a súa condición de interesado no procedemento, e poidan alegar por escrito canto estimen conveniente ao seu dereito ante a Corporación, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións. Nese caso, o trámite de información pública por prazo dun mes comenza a contarse dende a notificación individual aos interesados que se persoen no expediente.

QUINTO. Finalizado o prazo para presentar alegacións aos posibles interesados, no caso de persoarse no procedemento, abrir un período de proba por prazo de 15 días hábiles no que serán admisibles os seguintes elementos:

- Os documentos públicos xudiciais, notariais ou administrativos outorgados con arranxo a Dereito.
- O recoñecemento e ditame pericial.
- A declaración de testemuñas.

Terase en conta nesta fase do procedemento a aportación de documentación catastral, rexistral ou de colindantes en relación particularmente dos camiños incluídos no punto 2 do apartado primeiro do presente acordo, ao carecer neste momento de acreditación da titularidade catastral dos mesmos, que como rexistro público é proba iuris tantum da condición de terreos de dominio público dos mesmos, o que fai que sobre eles se faga necesario, en maior medida, obter datos fehacientes en fase probatoria que constanten a propiedade dos mesmos, con carácter previo á resolución do expediente.

SEXTO. Practicadas as probas e valoradas polos Servizos da Corporación, poñer de manifesto o expediente ás persoas a quen afecte a investigación, se houberen comparecido nel, para que, durante un prazo de 10 días, aleguen o que crean conveniente ao seu dereito.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SÉTIMO. No caso de que a instrucción do procedemento permita constatar a titularidade municipal dos camiños afectados, proceder á tasación dos mesmos, e elevar novamente a Pleno, previo informe do Secretario da corporación, para a súa aprobación definitiva e a súa inclusión no Inventario municipal, así como para ordear a adopción das medidas tendentes á efectiva posta a disposición dos mesmo ao Concello de Ponte deume, procedendo os servizos técnicos a sinalizar os mesmos e a elaborar as memorias técnicas necesarias con descripción gráfica dos mesmos para levar a cabo as tarefas de reparación e arranxo necesarios para que os camiños poidan ser destinados á finalidade para a que están previstos.

3.-DESAFECTACIÓN ESCOLA UNITARIA BOEBRE E VIZÚS-CENTROÑA.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 23 DE OUTUBRO DE 2017

EXPDTE: 2017/G012/000017

Sesión nº: 19/2015-2019

"3.- DESAFECTACIÓN ESCOLA UNITARIA BOEBRE E VIZÚS-CENTROÑA

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

" PROPOSTA DE ACORDO

(Expediente: 2017/G006/000187)

3.- DESAFECTACIÓN ESCOLA UNITARIA BOEBRE-CENTROÑA

PROPOSTA DE ACORDO.

Acreditada a titularidade municipal da Escola de Boebre e do Grupo Escolar Vizus-Centroña, e da natureza xurídica de ambas de Dominio Público-Servizo Público, afecto ata este momento ao uso Educativo-Docencia.

Considerando que en data 18 de maio de 2016 iniciouse o expediente de mutación demanial da Escola Unitaria de Vilar-Campolongo calificado como bien de dominio público, que viña sendo destinado ao uso ou servizo educativo a favor da administración autonómica Xunta de Galicia, Consellería de Educación para ser destinada a uso social; neste momento, e continuando co proceso iniciado nese momento de darlle un novo uso as escolas unitarias que polos cambios nos sistemas educativos deixan de estar en funcionamento, preténdese levar a cabo a mutación demanial do uso educativo ao uso social, neste caso ao tratarse de escolas que pola súa distribución interior non serían aptas para uso vivenda, se pretende que servan de local para asociacións, entidades, colectivos e para o propio Concello para realizar actividades culturais, recreativas, sociais de calquera índole.

Incoado procedemento por medio de providencia da Alcaldía de data 10/10/2017.

Visto o certificado do inventario emitido pola Secretaria de data 17/10/2017 da Escola de Boebre e do Grupo Escolar Vizus-Centroña, con efectos da depuración física e xurídica do ben inmovible, así como certificados catastrales e restante documentación acreditativa da titularidade municipal de ambos inmovibles e da natureza de dominio público de ambos.



Visto o informe de data 17/10/2017 da concelleira de Servizos sociais, educación e deportes D^a Raquel Caruncho Corral e a concelleira de comercio, cultura e turismo D^a Yolanda Vázquez Busto, no que acreditan a necesidade de dispor de locais municipais para ser destinados á realización das distintas actividades culturais e sociais tanto organizadas polo Concello como por entidades veciñais e colectivos do municipio.

Visto o informe xurídico sobre o procedemento a seguir e a lexislación aplicable de data 18/10/2017

Considerando a lexislación aplicable ao procedemento:

- Os artigos 263 e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O artigo 29 e a Disposición Adicional Segunda da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Os artigos 71 e 72 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.
- O artigo 8 do Real Decreto 1372/1986, do 12 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- O artigo 22.2.l) en relación co artigo 47.2.ñ) e h) e o artigo 81 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, propoño ao Pleno, orgao competente, previo ditame da comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial da Escola de Boebre e do Grupo Escolar Vizus-Centroña, coa natureza xurídica de ambas de Dominio Público-Servizo Público, afecto ata este momento ao uso Educativo-Docencia modificando o mesmo a medio da tramitación do presente expediente para ser destinadas a uso social.

SEGUNDO. Solicitar autorización previa ao departamento Territorial da Coruña da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria segundo o procedemento establecido no Real Decreto 3186/1978 de 1 de decembro.

TERCEIRO. Unha vez obtida a autorización antedita, acumular o procedemento actual co instruído en relación co Grupo-escolar de Vilar-Campolongo, que obtivo a autorización para o mesmo fin con data 15/02/2017 e publicar conxuntamente ambos procedementos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Pontedeume, polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamación e estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello [dirección <https://www.pontedeume.gal>].

CUARTO. Considerar aprobado definitivamente o Acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións o reclamacións ou no seu caso, con novo Acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

QUINTO. Cuando o Acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens e no Rexistro da Propiedade o cambio de uso e co fin de que se realicen as anotacións correspondentes. Ademais, para a súa efectividade se redactará o correspondente acta que será suscrita por ambas administracións, de ser o caso.

SEXTO. Facultar al Sr. Alcalde-Presidente para la firma de todos los documentos relacionados con este asunto.

Asinado dixitalmente na data indicada na marxe polo Sr Alcalde D Bernardo Fernández Piñeiro.”

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A Presidencia abre a quenda para o debate, coa explicación da proposta.

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos por **4 votos a favor** dos/as representantes do Grupo Municipal do PSOE: Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e **3 abstencións** do resto das señoras e señores concelleiros, do PP(2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte; e polo BNG-AA: Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais e Deportes, quen da conta da proposta. A Sra. Caruncho Corral indica que se tramita este expediente tendo en conta que non hai previsión de actividade Escolar en Boebre e á vista das necesidades de locais sociais municipais.

De seguido, intervén o portavoz do Grupo Municipal do PP. D. Francisco Javier Crespo Romeo quen, remitíndose ao xa dito na Comisión Informativa, primeiramente, ao respecto da liña educativa, considerando que habería que pelexar un pouco máis polo mantemento desta posibilidade no concello e, en segundo lugar, ve como consecuencia da desafectación unha carga máis para o concello, xa que será este quen, ademais do mantemento e conservación, tería que asumir obras maiores. Así, anuncia que o voto do seu grupo será a abstención.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA comeza a súa intervención indicando que, desenvolvendo a súa actividade profesional no mundo do ensino, amósase sorprendida coa intervención do portavoz do PP ao respecto da defensa da liña educativa posto que considera que a Xunta de Galicia está a aplicar a política de pechar as escolas unitarias que non teñan un mínimo de nenos e nenas, o que derivou no peche das escolas de Vizús e Centroña, tendo habido preocupación pola continuación do uso daquelas no seu momento. Dito isto, cre que o único xeito de manter un espazo é darse uso, polo que lle parece razoable dotar estes espazos de contido, co que se lle daría vitalidade ás parroquias, ao tempo que fai referencia á posibilidade de volver a infraestrutura ao uso educativo seguindo un procedemento, no caso de ser necesario.

D. Francisco Javier Crespo Romeo fai uso da palabra e indica que a escola unitaria de Campolongo pechou cando o BNG formaba parte do goberno da Xunta. Considera que se debe de, entre todos, defender a comunidade educativa e xustifica as medidas adoptadas polo PP, que xustifica en termos económicos; fai a distinción entre desafectar e pechar, considerando esta última unha medida provisional.

Toma a palabra a Sra. Caruncho Corral, que defende a desafectación en aras de favorecer ao asociacionismo municipal, ao tempo que se da uso a unha infraestrutura sobre a que o Concello xa tiña a obriga de mantemento e conservación.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro quen indica que a decisión de desafectar esta escola foi adoptada logo de que se tivera feito un chamamento para o seu mantemento con uso educativo. Dito isto indica que pechada e dándolle uso, a súa conservación vai ser máis sinxela, tendo en conta que o concello xa tiña a responsabilidade do seu mantemento, ao tempo que asume como positivo que o concello dispoña de este tipo de infraestruturas para paliar as necesidades de locais, sen prexuízo de que nun futuro se poida revertir ao uso educativo, de ser necesario.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos/as membros do **Grupo Municipal do PSDG-PSOE (7)**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D.



José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado; e do **BNG-AA(2)**: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire ; e **4 abstencións** dos/as integrantes do **Grupo Municipal do PP**: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a mutación demanial da Escola de Boebre e do Grupo Escolar Vizus-Centroña, coa natureza xurídica de ambas de Dominio Público-Servizo Público, afecto ata este momento ao uso Educativo-Docencia modificando o mesmo a medio da tramitación do presente expediente para ser destinadas a uso social.

SEGUNDO. Solicitar autorización previa ao departamento Territorial da Coruña da Consellería de cultura, educación e ordenación universitaria segundo o procedemento establecido no Real Decreto 3186/1978 de 1 de decembro.

TERCEIRO. Unha vez obtida a autorización antedita, acumular o procedemento actual co instruído en relación co Grupo-escolar de Vilar-Campolongo, que obtivo a autorización para o mesmo fin con data 15/02/2017 e publicar conxuntamente ambos procedementos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do Concello de Pontedeume, polo prazo dun mes en virtude do artigo 269.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Acordo adoptado e o expediente tramitado, a fin de que os interesados poidan presentar alegacións ou reclamación e estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste concello [dirección <https://www.pontedeume.gal>].

CUARTO. Considerar aprobado definitivamente o Acordo plenario inicial e o expediente, de non presentarse alegacións ou reclamacións ou no seu caso, con novo Acordo plenario definitivo resolvendo as mesmas.

QUINTO. Cuando o Acordo sexa definitivo, rectificar no Inventario de Bens e no Rexistro da Propiedade o cambio de uso e co fin de que se realicen as anotacións correspondentes. Ademais, para a súa efectividade se redactará o correspondente acta que será suscrita por ambas administracións, de ser o caso.

SEXTO. Facultar al Sr. Alcalde-Presidente para la firma de todos los documentos relacionados con este asunto.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA SOBRE O 25 DE NOVEMBRO, DÍA INTERNACIONAL DE NON VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES.

A Presidencia da a palabra a Dna. Ana Veira García, quen logo de xustificar a necesidade de presentar esta moción nesta sesión, ordinaria previa á data a conmemorar, procede a dar lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 25 de novembro é unha data referencial para dar visibilidade e reivindicar a necesidade de incrementar e mellorar a loita contra as violencias machistas. Desde que no ano 1981, ao abeiro do Primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe celebrado en Bogotá, nacera esta data como Día Internacional da Non Violencia contra as Mulleres en memoria das irmás Mirabal asasinadas no 1960 na República Dominicana a mans do ditador Trujillo, diferentes institucións internacionais recolleren, con desigual compromiso, esta data no seu calendario oficial.

Segundo os datos inventariados polo observatorio *Feminicidio.net*, que analiza e estuda o rexistro dos diferentes tipos de feminicidio, en Galiza rexistráronse cando menos 55 feminicidios e outros asasinatos de mulleres nos últimos sete anos, entre 2010 e o que vai de 2017. Foi 2015 o ano do rexistro máis alto, con 13 mulleres asasinadas das que 8 foron feminicidios íntimos no ámbito da parella, cifra que levou o noso país a encabezar ese terríbel ano a taxa de feminicidios do Estado español, aínda sen ter en conta vítimas crianzas das que de cinco asasinatos no Estado foron dous na Galiza. Do global destes casos analizados, máis do 60% producíronse no ámbito íntimo, o que dá unha dimensión da importancia deste pero

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

tamén da necesidade de non limitar a violencia machista á parella, pois estaríamos a deixar fóra moitas casuísticas que tamén deben ser obxecto das políticas de prevención e erradicación, así como do seu cómputo e estudo. Así mesmo, resulta alarmante e indica a necesidade de mellora do marco xudicial o feito de que desde o ano 2010 foran 11 as mulleres asasinadas que presentaran unha denuncia previa. Destas, dúas foran retiradas, unha rexeitada e noutros tres casos o agresor tiña unha orde de afastamento que incumpriu. Así mesmo, os informes e avaliacións que emanan do Observatorio contra a violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial ilustra a resposta da Administración da Xustiza e as eivas do seu funcionamento e necesidades de mellora.

Grazas á loita de moitas persoas a prol da erradicación da violencia machista avanzamos colectivamente como sociedade na súa visibilización, un camiño en que tivo e ten un papel fundamental o traballo mobilizador, crítico e esixente de diferentes movementos de mulleres na Galiza e no mundo. Un traballo de visibilización, denuncia e redución que dista aínda de ser colectivo e prioritario para toda a sociedade e para todas as axendas políticas. A diagnose da vixencia estrutural das violencias machistas contra as mulleres debe comprometer ás institucións a destinar maiores recursos económicos, humanos e materiais para tal fin. Transformar a sociedade reducindo a fortaleza do patriarcado e superar todas as manifestacións de desigualdade e violencia que sofren as mulleres debe ser un obxectivo político de primeira orde.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG de Ponte deume solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, a comezar por destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**
- 3. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano."**

Aberta a quenda para o debate, intervéñ Dna. Ana Veira García, quen di que se deben implemetar medidas de actuación para que isto vaia tendo un cariz menos grave, situación que



denomina "Feminicidio" e que se debe de mirar que estas situacións sexan cada vez máis residuais.

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, concelleiro do Grupo Municipal do PP, que se está ante un tema moi sensible e de actualidade. Dito isto, propoñen unha emenda transaccional aos acordos, que conforme ao seguinte:

En relación ao acordo primeiro: "instar a xunta a seguir avanzando...."

"Instar á Xunta de Galicia a seguir avanzando na procura de todas as garantías necesarias para que na atención ás vítimas de violencia de xénero haxa unha actuación integral, personalizada, áxil e coordinada, garantindo o respecto á súa intimidade, privacidade e dignidade, aumentando os recursos destinados á asistencia e protección delas e os seus fillos, a mellora dos medios e recursos da xustiza garantindo, no marco dos medios dispoñibles en cada edificio xudicial, mecanismos de separación entre vítimas e agresores nos xulgados galegos, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada. En particular, levar a cabo programas de apoio ás vítimas de agresións sexuais así como de formación específica sobre as distintas manifestacións da violencia de xénero, concretamente de violencia sexual e acoso sexual"

Sobre o acordo segundo (sobre avaliación da normativa en materia de igualdade e violencia de xénero), que segundo indica, xa foi incluído no Plan de traballo aprobado na Comisión non permanente de estudo para a igualdade e para os dereitos das mulleres do Parlamento de Galicia e, aprobado por todos os Grupos Parlamentarios na reunión do 26 de maio de 2017, proponen o seguinte: "A Comisión procederá a adoptar como novo obxecto de estudo o da avaliación da aplicación do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e, en consecuencia, procederá a acordar unha modificación do Plan de Traballo para incorporar as solicitudes de documentación e as propostas de comparecencia axeitadas a ese novo obxecto de estudo"

No que respecta ao terceiro (posta en marcha dun plan municipal de igualdade) e cuarto (comprometer o apoio da Corporación local ás mobilizacións contra a violencia machista), manifesta a conformidade do seu grupo.

Sobre as contías orzamentadas, o Sr. Pérez Pérez indica que dende o 2012 o orzamento da Secretería Xeral de Igualdade incrementouse un 20,2%, con 2.623.432 € a maiores, e que o orzamento adicado á loita contra a violencia de xénero do mesmo organismo, aumentou 2.335.806 €, isto é un 81,42%. Ademais, di que no orzamento de 2017, incrementáronse as axudas económicas ás vítimas, que supoñen 3,4 millóns de euros (máis do 60%) e que se incrementou tamén o orzamento do programa de atención psicolóxica especializada para mulleres e menores vítimas, ás persoas do seu ámbito familiar que padezan a situación e a homes con problemas de control de violencia na familia, cun importe de 239.600 €, un 23% máis. Conclúe a súa intervención, dicindo que a idea da Xunta é ir incrementando ano tras ano os recursos.

Dna. Ana Veira García di que lle parece ben todo o que supoña un incremento para poder paliar esta situación de risco, mais considera que se debe actuar nos eidos da planificación e prevención e considera que avanzar non significa que se estea parado, se non que considera que non se avanza o suficiente.

D. Andrés Pérez Pérez defende a xestión da Xunta.

Dende a Presidencia pregúntase á portavoz do BNG-AA se se acepta a proposta do Partido Popular.

Dna. Ana Veira García di que non aceptan a emenda.

De seguido, o Sr. Pérez Pérez, anuncia a abstención dos/as membros do Grupo Municipal do PP.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pecha o debate o portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE, D. José Simoes Couceiro, que di que considera corto o relatorio para co que significa esta problemática, que cualifica como “lacra”.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos/as membros do **Grupo Municipal do PSDG-PSOE (7)**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permy, Dna. Marta Pico Machado; **e do BNG-AA(2)**: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire ; e **4 abstencións** dos/as integrantes do **Grupo Municipal do PP**: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

- 1. Instar á Xunta de Galiza a avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017, a comezar por destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a cumprir e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.**
- 3. Comprometer o apoio da Corporación ás mobilizacións locais e nacionais que desenvolvan as organizacións feministas galegas contra a violencia machista os 365 días do ano.**

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG-AA CONTRA OS LUMES FORESTAIS E POLO DESENVOLVEMENTO RURAL.

A Presidencia da a palabra a Dna. Ana Veira García, quen procede a dar lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A traxedia da vaga de lumes forestais que vén de arrasar Galiza provocou en catro días a morte de catro persoas, puxo en situación de grave risco núcleos urbanos e miles de persoas viron as súas vidas ás portas da morte; deixou vivendas, centos de propiedades e máis de 35.000 hectáreas engulidas polas lapas (máis de 48.000 hectáreas este ano, tanto como nos tres anos pasados).

O Goberno galego era consciente de que Galiza atravesaba unha das maiores secas das últimas décadas, que as comarcas de Ourense levaban ardendo durante toda a semana e que os coletazos do furacán Ofelia traería fortes rachas de vento. A pesar diso, a política do Partido Popular (PP) vai no sentido inverso: redución das franxas de protección, despedimento de case medio milleiro de traballadoras e traballadores da empresa pública SEAGA a semana anterior e a non aplicación durante todo o ano das medidas de prevención.



Para o PP, unha política forestal que acometa medidas de carácter estrutural, que abrangan a posta en valor dos terreos forestais, o aproveitamento diversificado e multifuncional do monte, a aplicación de medidas preventivas e de actualización do propio dispositivo de loita contra os lumes forestais, non existe.

En 2007 aprobouse por primeira vez unha lei de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galiza. Dita norma sentaba os alicerces para dar prioridade a unha actuación preventiva contra os incendios forestais, combinando medidas de ordenación forestal do territorio, o impulso ao asociacionismo na explotación forestal, a inserción da política forestal na de desenvolvemento rural, deixando de ser unha política sectorial illada doutras actividades no medio rural, e a regulación dunha planificación eficaz dos dispositivos contra o lume.

Esta Lei foi derogada polo PP, sen máis argumento que o desprezo pola súa autoría, sen ningún criterio lóxico, nin dende o punto de vista da prevención e loita contra o lume, nin para propiciar o desenvolvemento do rural e, o que é peor, sen implementar ningún modelo alternativo, acordando a pura e simple eliminación de medidas avanzadas de prevención e a volta á relegación e parálise da política preventiva e de ordenación forestal como principal panca para erradicar os incendios forestais en Galiza.

O goberno do PP, desde aquela, abriu a posibilidade de forestar terras agrarias, permitindo as repoboacións forestais en terras adicadas ao labradío, prados ou pasteiros. Deste xeito aumentou o desorde territorial, diminuíu a posibilidade de incrementar as explotacións, propiciou o abandono do mundo rural e aumentou o perigo dos incendios forestais.

O goberno do PP, ademais, reduciu na metade a obriga de xestionar a biomasa vexetal nunha faixa de 100 metros arredor de calquera núcleo ou actividade situada a menos de 400 metros do monte. E reduciu de 50 metros a 25, a contar desde a extrema da propiedade, a prohibición de especies que favorezan a propagación do lume (eucalipto, acacia, piñeiro...).

Estas reformas só poden ser entendidas, ademais, se con elas se pretende favorecer os intereses de certas industrias como ENCE, ao permitir grandes plantacións de especies de crecemento rápido como o eucalipto.

O BNG leva anos denunciando que este é un dos principais problemas estruturais do noso país. E como tal, a resposta tamén debe atacar ao problema de fondo. No mes de xuño, a Portavoz Nacional do BNG, Ana Pontón, após os incendios do Pedrógão en Portugal, fíxolle un ofrecemento ao Presidente da Xunta de Galiza, para chegar a un grande pacto nacional galego en defensa do noso monte, que Feijóo nin se dignou en contestar. Os aspectos a abordar, como a desertización, o abandono de explotacións agrarias, monocultivo do eucalipto ao servizo basicamente de ENCE, a falta dun aproveitamento multifuncional do monte galego que aproveite todo o seu potencial, servizo de prevención e extinción precario, estacionalizado e sen mando único, etc., seguen aínda pendentes.

Diante disto o goberno do PP, aplica a política da manipulación informativa e do autobombo, botándolle a culpa ao vento, a Portugal... sen asumir as súas responsabilidades. Mesmo pretende atribuír aos concellos funcións propias da administración forestal, como a contratación das brigadas de extinción ou a realización de labores de limpeza nos límites das masas forestais, cando carecen de financiamento público municipal e son, se nos atemos aos criterios da pretendida 'racionalización da administración local' que impuxo o PP, competencias impropias dos entes locais.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Pontedeume a adopción do seguinte

ACORDO

Instar á Xunta de Galiza á

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- 1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.**
- 2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.**
- 3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.**
- 4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.**
- 5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:**
 - **Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.**
 - **O establecemento e mantemento de faixas de protección.**
 - **Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.**
- 6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.”**

Aberta a quenda para o debate, intervén Dña. Ana Veira García, quen fai memoria do acontecido: di que é verdade que se deron unhas condicións especiais que se deron, mais que a política forestal, de apoio ao rural é inexistente, e poñendo o exemplo da prohibición de prantar certos eucaliptos na comunidade asturiana. Pon como exemplo da coxuntura vivida pola súa filla á que di, case se lle queima á casa, quen daba conta do que pasaba porque os medios galegos non o estaban a facer e que logo se demostrou cando os xornalistas dixeron que non contaban con medios xa que os que había se atopaban dando cobertura a partidos de fútbol de terceira división e que incluso se lles dixo a traballadores/as que non se necesitaba cobertura. Di que “venden fume prendendo lume”, e considera que hai que empezar a pedir responsabilidades e que as cousas se poñan no seu lugar.

De seguido, fai uso da palabra D. Andrés Pérez Pérez, que considera que o dito pola Sra. Veira García “venden fume prendendo lume” é unha acusación moi grave. Considera que todos concordarán en ver a situación como unha situación fóra do normal, que non se vai falar dunha trama, pero que cando menos, non é normal, polo que considera a moción como partidista, que intenta sacar réditos desta e que cualifica como moi seria. Di que Galicia non arde, que a queiman, que é diferente. Concorda con que se está nunha situación de seca, mo complicada, e que se teñen expandido moitos bulos ao respecto. Fai alusión á xestación dunha manifestación cando aínda non se apagaran os lumes, facendo pancartas e camisetas, o que se pregunta se se trataba dunha maneira de tumbar á Xunta. Indica que dende o goberno galego, se convocan subvencións para os concellos, se ben non todos as solicitan. Fai referencia ás condicións climatolóxicas das datas nas que se produciron os lumes e da conta do dispositivo despregado (350 brigadas, 5600 efectivos, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos..., bombeiros de toda Galicia. Apunta á detención de 173 persoas e da conta do número de lumes 264, nas 4 provincias, 34 na Coruña, 77 en Lugo, 104 en Ourense e 49 en Pontevedra, dos que 135 fóron simultáneos. Di que o dispositivo se puxo en



marcha a semana anterior, e que o 13 de outubro, se deu orde a SEAGA para volver contratar a case 500 persoas. Logo desta xustificación, non considera que a moción sexa axeitada.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Presidente di que dende o Grupo Municipal do PSOE comparten os acordos ao 100%, que se refiren a cuestións de prevención. Considera que o groso do investimento se debe de facer en prevención, ao igual que en educación; considera que certas políticas poden favorecer aos incendiarios, poñendo como exemplo a política forestal de Francia, onde non se plantan determinadas especies, fronte ao carácter que cualifica como cortopracista e simplista de plantacións de aquí. Fai referencia á liña de subvencións contraincendios da Xunta e que 2000 euros non son suficientes para asumir os gastos que se podan ter. Considera que dende a Xunta se pretende que dende outras administracións se asuman competencias autonómicas, e que cos cartos que se dan non se pode actuar en labores de extinción nin de prevención. Remítese ao contido dos acordos, polo que non considera a moción como electoralista, nos que se fala de cousas que comparten, coa prevención como eixo fundamental. Dito isto, considera que sí é electoralista ocultar información á cidadanía para intentar tapar unha situación de extrema gravidade, non alertando á sociedade e que aínda se está á espera de que cese alguén por usar a televisión pública en estratexia partidista.

D. Andrés Pérez Pérez pregunta se se pide a subvención, ao que D. José Simoes Couceiro contesta que si.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte pregunta pola remisión dunha moción para que se cumpla, se íntegramente ou só os acordos, ao que dende a Presidencia indícase que íntegra.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** dos/as membros do **Grupo Municipal do PSDG-PSOE (7)**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permu, Dña. Marta Pico Machado; e **do BNG-AA(2)**: Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire ; e **4 votos en contra** dos/as integrantes do **Grupo Municipal do PP**: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

Instar á Xunta de Galiza á

- 1. Executar unha política de desenvolvemento rural que reverta o abandono dos núcleos rurais e das explotacións agrarias e forestais.**
- 2. Realizar, de xeito consensuado coas restantes forzas políticas e axentes sectoriais e sociais implicados, as modificacións legislativas necesarias para a posta en valor do solo forestal e regule adecuadamente os problemas estruturais a nivel de ordenación do espazo rural e de medidas preventivas.**
- 3. Acometer unha política forestal baseada no aproveitamento multifuncional do monte e na reversión do monocultivo de especies pirófitas.**
- 4. Estabelecer un único protocolo de emerxencias a nivel nacional que evite a descoordinación e a dispersión xeográfica e de mandos.**
- 5. Asumir as súas responsabilidades en materia de prevención mediante:**
 - Maior implicación dos Distritos Forestais na colaboración cos concellos en materia de limpeza e vixilancia.**
 - O establecemento e mantemento de faixas de protección.**
 - Incrementar os orzamentos para as liñas de axuda destinadas a limpeza e na primeira parte do ano natural e previamente a entrada no período de risco.**

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6. Reformular o Servizo de Defensa Contra Incendios Forestais dunha forma integral e baixo un mando único (eliminando as brigadas municipais), de xeito que se garanta a súa coordinación, profesionalización e homologación tanto en formación como equipamento e condicións laborais.

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO. MOCIÓNS URXENTES.

[Abandonan a sesión D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión de Vicente Olarte, sendo as 13h18min]

A Presidencia da conta do rexistro dunha moción por parte do Grupo Municipal do Partido Popular, relativa á "Vaga de Lumes que sufriu Galicia" para, de seguido, dar a palabra ao concelleiro D. Andrés Pérez Pérez, que actúa como portavoz do Grupo propoñente, para dar lectura ao texto daquela, que se transcribe a continuación:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL POPULAR DO CONCELLO DE PONTEDEUME, EN RELACIÓN Á VAGA DE LUMES QUE SUFRIU GALICIA"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia sufriu entre o 12 e o 17 de outubro una vaga de lumes sen precedentes, un episodio de actividade incendiaria que supuxo un atentado contra o rural, o medio ambiente, a economía, a vida animal e o mais importante puxo en risco a vida das persoas, producíndose un fatal desenlace co falecemento de catro persoas que lamentamos en profundidade.

Galicia non arde soa. A Galicia quéimana. O acontecido trátase dunha verdadeira afronta e unha aldraxe, que se fixo partindo de dous condicionantes excepcionais, unhas condicións meteorolóxicas extremas, con fortes ventos, altas temperaturas e moi baixa humidade e unha actividade incendiaria desaforada. Mesmo houbo que facer fronte a incendios que procedentes de Portugal se propagaron en Galicia.

Estes elementos conformaron un ataque inxente que forzou ata o límite o dispositivo despregado pola Xunta de Galicia e que estaba composto por 350 brigadas, 220 motobombas, 40 pas e unha vintena de medios aéreos, ademais de bombeiros de toda Galicia e Grupos de Emerxencias Municipais (GES), uns 5.600 efectivos en total que xa estaban incorporados durante a fin de semana, incluíndo os mais de 600 efectivos da Unidade Militar de Emerxencias (UME), apoiados con 18 autobombas e 6 nodrizas e mesmo, dentro dos medios aéreos, helicópteros procedentes de bases situadas en Murcia, Toledo ou Guadalaxara.

Trátase do maior operativo despregado nesta época do ano e dun dos maiores da historia. Xunto á inestimable colaboración de voluntarios de Protección Civil e de veciños dos lugares afectados, fixéronlle fronte a focos que se sucedían continuada e simultaneamente, e que se multiplicaban en cuestión de minutos.

Todos temos responsabilidades na prevención dos incendios forestais, incluíndo os propietarios dos terreos e os concellos e demais administracións, xa que tamén teñen as súas obrigas en relación coas súas propiedades e vías de titularidade municipal.

Esta vaga de lumes afectou indistintamente a áreas de monte raso, arborado e ordenado, a zonas de pasto, a explotacións gandeiras, a viñedos, e mesmo tamén a núcleos rurais e áreas urbanas con afección a bens inmobles e mobles. En poucas horas activáronse uns 264 incendios que puxeron a proba ao operativo coordinado pola Xunta de Galicia.

Os cidadáns en xeral e cada administración, no marco das súas competencias, debemos actuar para facer fronte a este problema, que é un problema de todos.



O repunte dos incendios en determinadas épocas do ano, máis aló do verán, é algo habitual nos últimos anos, rexistrándose unha considerable actividade incendiaria en primavera, e como ocorreu este ano de xeito moi marcado, ao longo do mes de outubro. Por iso, e dadas as condicións climatolóxicas adversas que estamos a vivir, a Xunta prorrogou o período de perigo alto de incendios ata o 31 de outubro, manténdose a prohibición das queimas de restos agrícolas e forestais ata nova orde.

En todo caso, o dispositivo galego é potente e flexible, o que permite adaptalo ás circunstancias de cada momento, por iso se puido reforzar o operativo de loita contra os incendios tanto de medios materiais como humanos declarando a emerxencia e prolongando o período alto risco por incendios forestais.

A mellor forma de parar un lume é que non comece, e nesa batalla contra os incendiarios temos que estar todos, medios policiais, Fiscalía, administracións e toda a sociedade.

Por outra parte, no Consello da Xunta de pasado xoves 19 de outubro aprobouse un decreto de medidas urxentes para tentar paliar e reparar os danos provocados polos lumes. A prioridade é atender ás familias das vítimas mortais, neste sentido incrementáronse as indemnizacións para os seus familiares destes falecidos como consecuencia do terrorismo incendiario.

En relación ás persoas que sufriron perdas materiais, especialmente aquelas que viron como o lume afectaba ás súas casas, disporán tanto de asesoramento como de axudas. Daranse tamén axudas para aloxamento ata a reparación das vivendas, ademais de avaliar as naves industriais afectadas que non teñan póliza de seguro.

Tamén se está a traballar na análise dos ríos e das costas co obxectivo de minimizar o risco de que as precipitacións provoquen riadas; planificar a reforestación da superficie afectada, cando sexa preciso, e rexenerar así o patrimonio natural. E a Xunta tamén está a traballar coas confrarías para identificar aqueles terreos danados polos incendios que poidan supoñer un risco para os bancos marisqueiros.

É necesario que nese proceso de apoio aos afectados se involucren todas as administracións. As Deputacións Provinciais, que son os organismos máis achegados aos concellos, e o Estado, deben colaborar tamén para que os danos provocados polos incendios sexan reparados coa maior brevidade posible.

Por todo isto, o grupo municipal do PP solicita ao Pleno da corporación Municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.- Trasladar o agradecemento e apoio a tódolos profesionais que forman parte do operativo de extinción de incendios que coa súa actuación evitaron que a traxedia fora maior; así como as Forzas e Corpos de Seguridade, que coa imprescindible colaboración cidadá, están levando a cabo as súas investigacións para tentar esclarecer a autoría dos incendios.

2.- Instar a todas as administracións públicas a asumir as súas responsabilidades en materia de prevención cumprindo coa normativa vixente.

3.- Solicitar a todas as administracións a adopción de medidas urxentes co fin de rexenerar as zonas danadas, restablecer os servizos esenciais, compensar aos afectados e atender as necesidades derivadas desta situación, entre elas a minimización do risco de que as precipitacións poidan causar riadas ou danos aos bancos marisqueiros.

4.- Instar ao Estado e ás Deputacións Provinciais (estas últimas como principais organismos encargados de dar apoio aos concellos) para que se unan á Xunta de Galicia e participen na concesión de axudas destinadas a paliar os efectos dos lumes. En particular, instase ás Deputacións, en virtude das obrigas que a estes efectos establece o artigo 38 da Lei de Emerxencias de Galicia, a implicarse no cofinanciamento das actuacións de reparación de danos producidos nos bens e instalacións de titularidade municipal."

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Unha vez concluída a lectura, sométese a votación a **RATIFICACIÓN DA URXENCIA e a INCLUSIÓN** da moción na Orde do Día da sesión, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e a INCLUSIÓN da moción na Orde do Día** por **UNANIMIDADE** das e dos membros presentes.

De seguido, a Presidencia, abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, que di sentirse abraiada pola moción e considera que a exposición de motivos non ten nada que ver coa realidade e cre que a atención debe ser a ás persoas afectadas, sen priorizar. Fai referencia ás obrigas da administración e ao incumprimento de responsabilidades, o que debería supoñer o cese ou dimisión de persoas encargadas de levar a cabo esta política forestal. Con esta moción, o que lle parece é que se queren repartir culpabilidades e que os Concellos asuman responsabilidades da Xunta, non admitindo esta forma de actuar e que polo tanto, o BNG está en contra da moción.

De seguido, intervéñ D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde-Presidente, di que políticamente, tanto a exposición de motivos coma os acordos propostos na moción parécenlle desonestos. Estando de acordo co primeiro punto, non comparte o segundo, xa que non é competencia da Deputación nin ten responsabilidades en materia de prevención e extinción de lumes, e tampouco dos Concellos, que tampouco dispoñen de recursos. Considera que a estratexia da Xunta é cargar sobre os demais aforrando así cartos para logo, facer plans de investimento que cualifica de pouco equitativos e obxectivos, fundamentando esta adxetivización en que o criterio para a súa concesión sexa a orde de presentación. Dito isto, considera que esta moción está fóra de lugar e pide ao Grupo Municipal do PP que rectifique e a deixe sobre a mesa, xa que se está instando aos Concellos a asumiren responsabilidades que non lle son propias.

Dna. Ana Veira toma a palabra para dicir que considera que non se aprendeu nada da anterior vaga de lumes, que se aprenda e que se implementen as medidas para revertir esta situación.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, **NON ADOPTÁNDOSE O ACORDO** por **MAIORÍA de 9 votos en contra** dos/as membros do **Grupo Municipal do PSDG-PSOE (7)**: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado; e **do BNG-AA(2)**: Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire ; e **2 votos a favor** dos/as representantes do **Grupo Municipal do PP**: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, D. Andrés Pérez Pérez.

7- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“ DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/10/2017

Expediente: 2017/G006/000196

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **557.2017** de 25 de setembro ao **606.2017** de 20 de outubro, ambos os dous incluídos, os seguintes:



Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2017/G003/000590	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28.09.2017	00557/2017	25/09/2017
2017/G003/000588	PAGO ASISTENCIAS A ORGANOS COLEXADOS. SEGUNDO TRIMESTRE 2017	00558/2017	26/09/2017
2017/G003/000595	CONCESIÓN PRAZA DA LISTA DE ESPERA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALE ROSA" DE PONTEDEUME. CURSO 2017-2018	00559/2017	26/09/2017
2017/G003/000599	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA REPARACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO POLIDEPORTIVO DE A CASQUEIRA (POS+ 2017) Expte. 2017/C003/000004	00560/2017	26/09/2017
2017/G003/000600	CAMBIO IMPUTACION ORZAMENTARIA. PROXECTOS DE GASTO.-	00561/2017	26/09/2017
2017/G003/000605	AUTORIZACIÓN GASTO E APROBACIÓN PREGO DO SUBMINISTRO E OBRA PARA SUBSTITUCIÓN DE ALUMEADO PÚBLICO NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIDRIEIRO (INS198- habilitación e mellora de infraestruturas dos parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017). EXPTE 2017/C005/000001	00562/2017	26/09/2017
2017/G003/000604	CAMBIO DE VEHICULO AUTOTAXI. LICENZA Nº7. TITULAR: D. ROBERTO SÁNCHEZ CALVO.	00563/2017	26/09/2017
2017/G003/000609	ADJUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN BER (PMA 2016)-EXPTE 2017/C003/000003	00564/2017	27/09/2017
2017/G003/000606	INCIDENCIAS NÓMINA MES DE SETEMBRO DE 2017	00565/2017	27/09/2017
2017/G003/000607	APROBACIÓN NÓMINA SETEMBRO DE 2017	00566/2017	27/09/2017
2017/G003/000608	SEGURIDAD SOCIAL AGOSTO 2017	00567/2017	27/09/2017
2017/G003/000612	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E SUBMINISTRADORES, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA MELLORA E PAVIMENTACIÓN DOS VIAIS NO NÚCLEO DE VALDEVIÑATOS (PAS 2015) EXPTE 2017/C003/000001	00568/2017	27/09/2017
2017/G003/000611	XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN PARA A MELLORA DAS COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS DAS BIBLIOTECAS, INTEGRADAS NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA PARA O ANO 2017.	00569/2017	27/09/2017
2017/G003/000610	AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS PARA A CELEBRACIÓN DE CASAMENTO CIVIL O 30.09.2017.	00570/2017	28/09/2017
2017/G003/000530	APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº5/2017 -CONCURSO DISFRACES ADULTOS/2017.-	00571/2017	05/10/2017
2017/G003/000587	PREMIO XVII CONCURSO DE CONTOS VILA DE PONTEDEUME.	00572/2017	05/10/2017
2017/G003/000615	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (ABALDE***-VÁZQUEZ***)	00573/2017	05/10/2017
2017/G003/000620	RESOLUCIÓN DESESTIMATORIO ALEGACIONES SANCIONES TRÁFICO (VILLAR**)	00574/2017	05/10/2017
2017/G003/000613	EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO F/2017/13	00575/2017	05/10/2017
2017/G003/000619	APROBACIÓN DO PAGO DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (PLENO DO 28 DE SETEMBRO DE 2017)	00576/2017	05/10/2017
2017/G003/000601	APROBACION FACTURAS E CERTIFICACIONES Nº 1, 2, 3 E 4 DA OBRA -RENOVACION REDE ABASTECIMENTO DENDE AVDA. LOMBARDEIRO A AVDA. VILLANUEVA-. POS/2015.	00577/2017	05/10/2017
2017/G003/000622	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00578/2017	05/10/2017
2017/G003/000617	RELACION DE FACTURAS F/2017/14	00579/2017	05/10/2017
2017/G003/000602	APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR -CONCURSO COMPARSAS.-	00580/2017	05/10/2017
2017/G003/000623	CONTRATACION DE DON JOSE LUIS FERRACES MOUZO EN SUSTITUCION DE DON EMILIO DOPICO TENREIRO	00581/2017	05/10/2017
2017/G003/000626	CORRECCIÓN DE ERROS DECRETO 519/2017, DO 7 DE SETEMBRO DE 2017, EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DE RELACIÓN DE FACTURA F/2017/11	00582/2017	05/10/2017
2017/G003/000628	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADJUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES DE CONDUCCIÓN XERAL EN CABRIA (PAS 2015). EXPTE 2017/C003/000002	00583/2017	05/10/2017
2017/G003/000625	ADJUDICACIÓN DO SERVIZO PARA CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA EN BER (PMA 2016) Expte. 2017/C002/000009	00584/2017	05/10/2017
2017/G003/000624	INCOACIÓ EXPEDIENTE DISCIPLINARIO	00585/2017	05/10/2017
2017/G003/000603	APROBACION PREMIOS E FACTURAS CONCURSO DISFRACES INFANTIL E CONCURSO COMPARSAS -ENTROIDO/2017.-	00586/2017	05/10/2017
2017/G003/000629	MODIFICACION DE CREDITOS 019/2017. SUBEXPEDIENTE XC 11/2017.-	00587/2017	05/10/2017
2017/G003/000630	SOLICITUDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL PLAN ÚNICO DE CONCELLO (POS+ 2017) ADICIONAL POR MAIOR ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	00588/2017	06/10/2017
2017/G003/000634	EXPEDIENTE DE Listaxe de persoas admitidas nas escolas deportivas de inverno 2017-18	00589/2017	06/10/2017
2017/G003/000633	NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA INTERINA DE DONA SILVIA LEGASPI GRUIEIRO, ADMINISTRATIVA ÁREA ECONÓMICO FINANCIERA.	00590/2017	06/10/2017
2017/G003/000632	APROBACIÓN BASES RISGA 2017	00591/2017	06/10/2017
2017/G003/000635	MODIFICACION DE CREDITO Nº 020/2017 SUBEXPEDIENTE XC 12.-	00592/2017	09/10/2017
2017/G003/000636	MODELO 111 IMPOSTO SOBRE A RENDA DE PERSOAS FÍSICAS, SETEMBRO 2017	00593/2017	09/10/2017
2017/G003/000637	MODIFICACION DE CREDITO 021/2017. SUBEXPTE XC 13.-	00594/2017	09/10/2017
2017/G003/000616	PREMIOS CONCURSO DOS MAIOS/2017	00595/2017	09/10/2017
2017/G003/000640	MODIFICACION DE CREDITOS Nº 22. SUBEXPTE XC 14.-	00596/2017	11/10/2017
2017/G003/000641	XUSTIFICACION CONVENIO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS. ANO 2017.	00597/2017	11/10/2017
2017/G003/000642	MODIFICACION DE CREDITO 023/2017 SUBEXPTE XC 15.-	00598/2017	11/10/2017
2017/G003/000639	NOMEAMENTO TESOUREIRA ACCIDENTAL	00599/2017	11/10/2017
2017/G003/000644	DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL O 12.10.2017 EN D. JOSÉ SIMOES COUCEIRO	00600/2017	11/10/2017
2017/G003/000643	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PA 0000170/2017 DE SONIA MARIA SANTOS SOUSA CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME.	00601/2017	11/10/2017
2017/G003/000645	EMPLAZAMENTO E DESIGNACIÓN DE DEFENSA LETRADA PARA O PROCEDEMENTO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO PA 186/2017 DE SEGUROS CASER CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME	00602/2017	11/10/2017
2017/G003/000614	APROBACION CERTIFICACION Nº 1, Nº 2 E Nº 3 DA OBRA -PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE-. PAS/2015.	00603/2017	11/10/2017
2017/G003/000618	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 18.10.2017	00604/2017	17/10/2017
2017/G003/000649	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 23.10.2017	00605/2017	18/10/2017
2017/G003/000654	AUTORIZACION ASISTENCIA FORMACION	00606/2017	20/10/2017

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra a representante do Grupo Municipal do Partido Popular, Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela, que formula os seguintes **ROGOS**:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1º.- Rogamos reparen la farola del callejón que baja a Foremdes, no funciona. Asimismo, rogamos reparen en las parroquias los numerosos puntos de luz fundidos.

2º.- Rogamos arreglen los baches que hay en la Calle de la Iglesia.

3º.- Rogamos limpien las escaleras de la iglesia que suben a la fuente de la Paloma

4º.- Seguimos insistiendo, como muchos plenos anteriores, que hagan limpieza y mantenimiento de las fuentes-lavaderos.

5º.- Rogamos arreglen los baches que hay en el Polígono Industrial de Vidreiro, señales torcidas, stops que han desaparecido, accesos al polígono, etc...

6º.- Solicitamos hagan las gestiones oportunas en Fomento para que limpien el puente de Andrade.

7º.- Rogamos repongan los bancos y hagan el mantenimiento del parque Boavista.

8º.- Rogamos limpien el muro de la Rúa Fene y limpieza a fondo de las murallas del atrio de la Iglesia, atrio de las Virtudes.

9º.- Rogamos reparen las aceras de la Avda. de Ferrol

10º.- Rogamos acaben las obras de abastecimiento.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que as obras teñen un periodo de execución e que non hai obras que se atopen fóra deste periodo.

11º.- Rogamos adecuenten los cementerios y sus alrededores debido a la proximidad del día de los difuntos.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP formúlanse as seguintes **PREGUNTAS**:

1º.- Finaliza el contrato de Víaqua a finales de este año, ¿en qué estado se encuentra el nuevo contrato? ¿Qué medidas van a tomar mientras no entre en funcionamiento?

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se está a traballar na redacción do contrato e a realización da auditoría necesaria, previa á nova adxudicación. Indica que no caso de non estar a contratación rematada a tempo, prorrogarase o actual o tempo mínimo indispensable que ocupe xestionar a dita contratación.

2º.- En el pleno del mes de febrero, le advertíamos que las subvenciones de las asociaciones estaban con reparo suspensivo y usted nos negaba dicha información; ahora, nos trasladan las asociaciones de vecinos que están sin cobrar el 10% que les queda de la subvención, y nos dicen también, que algunas, van a tener que devolver una parte del dinero recibido. ¿Nos pueden explicar a qué es debido esto?

D. Bernardo Fernández Piñeiro da lectura o reflexado na acta do mes de febreiro sobre o asunto, onde di, xa se atopa a resposta á pregunta. Dito isto, di que non todas están nesa situación e que, nun breve prazo, se resolverán as pendentes, xustificando os tempos no volume de traballo da intervención municipal. Conclúe a súa intervención recordando que as ditas subvencións se outorgaron con carácter prepagable nun 90%, cuxo 10% restante se abonará cando se xustifique, e que é a non xustificación a que, conforme á lei, deriva en ter que devolver cantidades percibidas.

Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta por cal leva reparo, ao que D. Bernardo Fernández Piñeiro contesta que de momento, non sabe.



3º.- Sabemos que ya se celebró la mesa de negociación de la RPT, ¿en qué situación se encuentra? ¿Nos pueden dar un borrador de la misma?

D. José Simoes Couceiro, Concelleiro delegado de Formación, Réxime Interno e Emprego, di que se ten celebrado a segunda mesa de negociación e que se vai cara a terceira. Fai unha valoración positiva do proceso e que se facilitará un borrador aos distintos grupos cando se teña a proposta máis avanzada.

Pide intervir Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, ao obxecto de completar a pregunta, posto que dende o seu grupo teñen unha sobre o mesmo asunto, plantexando a posibilidade de que lles facilite o borrador sobre o que se está a traballar.

Simoes, están coa segunda mesa de negociación, van para a terceira. Considera que vai bastante ben e agardan que ao final, cando se teña un borrador que lles poda dar..., pois se lles facilitará.

D. José Simoes Couceiro di que prefire facilitar un borrador sobre o que exista un preacordo ou acordo.

Dna. Ana Veira García considera que o documento actual serviría para facérense unha idea da modificación, e pregunta polo custo da elaboración do documento.

O Sr. Simoes Couceiro insiste en que se pasará a proposta cando se chegue a un preacordo, contestando que non se pode dar unha data de previsión de aprobación daquel, a unha pregunta realizada por D. Andrés Pérez Pérez.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro. O Sr. Alcalde-Presidente defende a modificación da Relación de Postos de Traballo cualificándoa de necesidade imperiosa, coa creación de postos que dean saída ao elevado volume de traballo e dar un bó servizo. Considera que non ten sentido facilitar un documento aos distintos grupos municipais que está en constante cambio e que cando exista unha proposta máis ou menos definitiva, faránllela chegar.

4º.- Las navidades ya están ahí. ¿Tienen ya el calendario de actividades para estas fechas?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais e Deportes anuncia que hai novidades na programación, en cuxo borrador se está traballando, se ben está pendente de confirmar, polo que prefire non adiantar nada.

5º.- Concedida ya la prórroga en los presupuestos de la Xunta para el año 2018, ¿cómo queda el convenio del Mercado?

D. Bernardo Fernández Piñeiro informa que se van trasvasar os fondos deste ano para o vindeiro e que se está á espera da sinatura dunha addenda, unha vez que dende a Xunta se comprendeu que se está ante unha situación excepcional.

6º.- En el pleno del mes de marzo le preguntábamos si tenían algún plan de mejora para el contorno de la estación del tren; su respuesta fue que sí y que estaban en contacto con ADIF con quien mantuvieron una reunión sobre el edificio del ferrocarril en la que solicitaban, si no iba ser de utilidad para la entidad ferroviaria, que se le cediera al Concello, ¿hay alguna novedad sobre este tema?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non hai novidade algunha, que se segue á espera de ADIF, a onde se reiterou a solicitude de actuación, considerando que no dito ente non teñen medios nin persoais, nin humanos nin técnicos....

7º.- Nos trasladan que está en vías de adjudicarse un local municipal al grupo político del BNG, ¿Qué hay de verdad en esto?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que logo da súa petición, adxudicouse. Informa que se está a buscar un local para o Grupo Municipal do PP, mais que non se ten aínda concretado o emprazamento.

Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela di que considera que, por representación, o seu grupo debería telo antes.

8º.- ¿Ya tienen ustedes las cuentas de las “Festas das Peras” y del “Feirón Medieval 2017”?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira delegada de Cultura, Comercio e Turismo indica que no que respecta ás Festas das Peras, están finalizando a memoria para presentar e que no que respecta ao Feirón, logo da problemática que houbo, tendo en conta que a subvención estaba consignada para a asociación cultural e non para a comisión, esta última tomou a decisión de renunciar a aquela.

9º.- Según las asociaciones de vecinos, en la reunión que tuvieron para determinar el destino del POS se les comunicó que este año en vez de un sorteo de parroquias van a ser dos las beneficiadas, ¿es esto cierto?

O Sr. Alcalde-Presidente considera a pregunta de “batiburrillo”, xa que o sorteo de investimento nas parroquias foi derivado dun compromiso para o presente mandato, que derivou nun proxecto piloto e polo tanto, para o vindeiro ano, serán dúas parroquias as beneficiadas: Indica que en ningún momento se dixo que ían ser dúas ao que engade que o POS nunha se vinculou a sorteo algún.

10º.-En la misma reunión se les dijo a las AAVV que, aparte de la subvención nominativa, se les van a dar 1.000€ para realizar una fiesta infantil a celebrar antes de finales de noviembre, ¿nos pueden explicar las condiciones de esta subvención? ¿Dónde están las bases y cómo se tiene que justificar?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que no orzamento ían recollidos os 6.000 € para a realización de festas infantís e que non se trata dunha subvención ás distintas entidades, se non que é o propio concello quen organiza as actividades

11º.- ¿Ya tienen el informe de impacto medioambiental enviado al equipo redactor del PEPRI? ¿Falta algún informe más? ¿Manejan algún plazo para la presentación del PEPRI?

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire, sendo as 14h:06min]

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que os técnicos municipais están estudando o documento elaborado pola empresa redactora e que será, cando rematen con este estudo, cando se remita á Xunta para a súa aprobación. Unha vez que se conte co visto bo do órgano autonómico, continuarase co procedemento, segundo estableza a lei.

12º.- Entre las actividades de mayores está la de informática que se imparte en el edificio de FOREMDES. ¿Cuánto ingresó el concello por esta actividad y cuantas personas asistieron el pasado curso 2017?

Dna. Raquel Caruncho Corral, indica que asisiron 23 persoas usuarias e se recaudaron 414 euros. Adianta que, neste curso, son 600 euros os recaudados, por 20 usuarias. Informa tamén que o pagamento pode ser bimensual ou cuatrimestral.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes **ROGOS**:



1.PREVENCIÓN DE LUMES.

Xa en no pleno de maio d0 2017 pedimos a este goberno un control de talas, repoboacións...

Que se puxese especial fincapé no cumprimento da ordenanza aprobada no 2001 no que atinxe as condicións marcadas nela.

Só hai que botar unha ollada para ver o seu incumprimento. Nas inmediacións de Breamo (zona de especial protección paisaxística) , nas beiras das estradas polas diferentes parroquias, preto das fontes, de cauces fluviais.....

ROGAMOS a posta en marcha, dun xeito real, de accións de control que muden esta realidade do noso concello.

Dende a Presidencia indícase que se envían requirimentos de limpeza en función dos medios de que dispón o Concello.

2.-APARCADOIRO do IES FRAGA DO EUME.

Á pregunta do mes de xullo: **Están incluídas as prometidas á comunidade escolar para construír o peche da área deste centro educativo? Que se respondeu textualmente: Non disque hai que facer unha memoria de actuación xa que é unha obra á que se lle deben pedir permisos a outros organismos.Cando podan farano. O PP di que esa memoria xa a deixaron feita eles e polo tanto xa se poden acelerar os tempos. Que llo recorden ao técnico.**

Iniciamos un novo curso escolar.

PREGAMOS o cumprimento das promesas para que esta obra se dea feito XA!!!

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que non consta memoria.

3.-PRENSA EN GALEGO.

Fixemos chegar xa varias petición a última no mes de xullo respondéusenos que estaba solicitada para o centro de maiores.

O día 25 de outubro comprobouse que non está aínda.

SOLICITAMOS cumprimento do que no pleno se afirma.

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes indica que sí se ten solicitada, polo que mirará o asunto.

4.- ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE.

É de vital importancia sensibilizar á cidadanía e en especial aos mozos/as sobre temas relacionados coa igualdade de xénero e a non violencia.

PREGAMOS a organización de actividades con este obxectivo.

5.- PÁXINA WEB DO CONCELLO.

Xa estamos na segunda metade da lexislatura e seguimos vendo con abraio unha páxina oficial sen adaptar, con informacións caducadas, polo tanto con mentiras cara aos que buscan información, mal escrita....

Estamos cansos de promesas e de escoitar que teñen boas intencións, queremos realidades.

ROGAMOS, unha vez máis, contar cunha páxina web, alo menos, veraz e fiable.

6.- “UNHA OLLADA A VILADOCE”.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este é o nome do material (conto) que o colectivo didáctico medioambiental Lapis Verdes propón para actividades nos centros educativos.

SOLICITAMOS se estude esta proposta.

7.- ACTIVIDADES SOCIOCULTURAIS.

Entramos nas portas dunha nova programación de actividades socioculturais, organizadas polas diferentes concellalías, ofertadas pola Deputación ou outros entes.

ROGAMOS se teña especial atención no fomento cultural de tradición galega.

8.- CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL.

Sendo este un órgano que debe porse en funcionamento cada curso escolar.

PREGAMOS a convocatoria do mesmo neste inicio de curso 17/18.

Pasando a formular as seguintes **PREGUNTAS:**

1.-PISCINA MUNICIPAL.

Somos coñecedores de diversas queixas de usuarios/as destas instalacións municipais dende hai un par de anos.

Cal é a situación a día de hoxe cos diversos problemas na coa empresa responsable da piscina municipal?

Que pasos hai que dar para corrixilos?

Dna. Raquel Caruncho Corral informa que unha vez realizada a visita polo dende a Concellería de Deportes, co técnico de Deportes e Urbanismo, fíxose un informe e que se está a vixiar e facer un seguimento sobre o cumprimento da subsanación das deficiencias detectadas, algunhas delas xa corrixidas e agora se está á espera do informe do técnico de urbanismo sobre as deficiencias do edificio en sí.

Dna. Ana Veira pregunta pola sentenza relativa ao cobro das taxas.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a dita sentenza avala a legalidade das instrucións dadas polo Concello ao respecto dos cobros indebidos, se ben a empresa aínda pode recurrir.

A Sra. Veira García considera que se debería de mirar que a tarifa se adapte á sentenza ditada.

2.- PLANET CLUB

Xa iniciado este novo curso escolar 17/18 e sabedores de que é esencial un labor de prevención cos rapaces/as desta vila dun xeito continuado.

Cal é o programa de actividades do Planet Club?

Vaise facer sistemático no tempo ou accións puntuais?

A Sra. Caruncho Corral Indica que se está pendente da concesión da subvención da Xunta para un programa de prevención. Di que se ben, cando empezou, funcionou moi ben, agora cambiarase o formato e mirarase de que xeito se pode ofertar, segundo o programa que se conceda na subvención establecerase un criterio, contínuo ou puntual. Sobre a programación, non ten diante a programación solicitada, polo que non pode dar unha resposta neste momento á pregunta.



3.- AXUDAS ESCOLARES 16/17 E 17/18.

Cal é a situación das axudas 16/17?

E as das 17/18?

Dña. Raquel Caruncho Corral di que sobre as 2016.2017, xa hai proposta do departamento de servizos sociais a fiscalizar se ben, pola carga de traballo, aínda non se pagaron. Sobre as de 2017.2018, di que hai borrador da nova ordenanza.

4.- ACCIÓN 36.

"Apostar por un plan de compostaxe doméstico no rural"

Esta foi unha promesa escrita nun papel.

Vaise facer este plan?

En que consiste?

D. José Simoes Couceiro di que se vai facer, que se está en contacto co persoal técnico de SOGAMA e que quedaron de mandar información e que será entón cando se mire o tema.

5.- MOCIÓNS APROBADAS...

Apróbanse moción e tómanse acordos que non estamos a ver que se implementen na realidade.

Que ocorre coas taxas de caixeiros e de uso público ás eléctricas?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a tramitación non a fai o goberno, que no asunto das taxas dos caixeiros, fata o informe do aparelador municipal sobre ocupación de solo e sobre as eléctricas, informa que se estableceu contacto cun despacho de abogados.

6.- ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIAS.

Na convocatoria deste ano houbo algún grupo con xente en reserva. Foi rechamante constatar que ocuparon prazas persoas de fóra do concello quedando sen ela outras que si que o son.

As actividades organizadas por un concello deberían beneficiar aos que pagan os imposto nel.

Foron coñecedores deste suceso?

Que teñen pensado facer para evitar esta situación?

Dña. Raquel Caruncho Corral di que se ten coñecemento da problemática, se ben non quedou ningunha persoa en reserva. Fronte anos anteriores, este ano modificouse o criterio por indicación do departamento de Intervención, se ben se ten pensado solucionar o asunto para o curso seguinte, e que se recolla correctamente a preferencia das persoas empadroadas.

7.- NOVA RPT.

Estase a elaborar unha nova RPT.

Cal foi o gasto que lle supón ao concello este estudo e proposta?

Cal é o proceso que hai que seguir?

Dase por contestada na quenda de preguntas do Grupo Municipal do PP.

8.- NORMALIZACIÓN.

Cal é a programación de actividades de normalización?

Vanse promover accións cos centros educativos?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. José Simoes Couceiro da conta da situación do persoal do servizo e na actualidade se están a facer labores de corrección. Dito isto, informa que no orzamento de 2018 se vai dotar unha partida para a realización de actividades nos distintos centros educativos.

9.-CONTROL DE FLORA EXÓTICA INVASORA.

No pleno do 20 de novembro de 2015 foi aprobada unha moción: Para o *control e desaparición da planta invasora exótica denominada carrizo da pampa*, dende esa data presentamos rogos e preguntas varias para saber de accións encamiñadas ao cumprimento da mesma.

O DOG nº 191 do venres 06 de outubro de 2017 convócase un curso de xestión e control de flora exótica invasora dirixido a un gran grupo de profesionais.

Que participación hai do concello de Ponte deume?

Que medidas están a tomar para formación de persoal?

Que accións hai programadas para cumprir con esta moción?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que non se puido mandar a ninguén ao curso; que se lle deron instrucións aos traballadores para proceder. Indica que se puxeron en contacto cunha asociación ecoloxista para facer unha xornada, con persoas voluntarias, para retirar este tipo de flora, ao tempo que se ten previsto, dende o Concello, a edición de material divulgativo para informar á veciñanza.

Dna. Ana Veira García propón formación ao alumnado nos centros.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e sete minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

